




Unha fin de semana no

Todo se fraguara nunha cea en Chantada cando viñamos de presentar en público un libro-disco homenaxe ao trobador Xohán de Requeixo na que por azar saíu o tema do galego transfronteirizo. Quixo ese azar que na zona de comensais onde xurdiu o tema estivese Vázquez Pintor, que vive na península do Morrazo e que acolleu a espontánea suxestión de visitar a Galiza estremeña con apaixonado interese, pois o concello de Moaña xa establecera vínculos por mediación do seu alcalde Millán Otero, que ademais é recoñecido poeta e talvez por iso sensíbel ao achegamento coa xente de máis alá dos lindes territoriais oficiais que fala o noso idioma. Tiñamos curiosidade por constatar in situ o estado actual de saúde do noso idioma, asentado no noroeste de Cáceres dende finais do século XII. Con esa idea emprenderíamos viaxe o venres día tres de setembro do pasado ano dous mil catro.

ISIDRO NOVO

Escritor, ten publicado varios libros, maiormente en prosa, galardonados con varios premios. Forma parte do colectivo *Círculos Líticos*

Previendo o cansa que podía resultar a aventura, pola longa distancia a salvar e o apertado tempo de estancia, moita xente renunciara a enfrontala, por iso foi gratísima sorpresa ver nos primeiros asentos do coche e capitaneando a expedición a don Avelino Pousa Antelo, un afouto capitán ao que lle faltaba un nadiña para converterse en nonaxenário. E meritória e valente era tamén a súa compañía, o seu inseparábel amigo Xoán Xosé Fernández Abella.

O tempo, caloroso, logo do salmantino xantar, provocou o lóxico sopor e aínda que non é doado que os arrolos dun autocar en marcha sexan quen de levar a un totalmente á inconsciencia, si que debín polo menos sonar un algo, porque de ver aos touros *zainos* correr por devesas de chairo chan alopécico e queimado, unicamente adornadas por repoludas aciñeiras, os meus ollos percibiron unha paisaxe completamente distinta. O terreo abandonara a lisura ateigada



Xálima

de calvicies e o verdor abranguía canto era capaz de percibir a vista a través do vidro da xanela do autocar. Piñeirais, carballeiras, freixeiros... Por un momento pasouse polo caletre que por vez de dar unha pequena cabezada, quedara frito tempo suficiente como para que o condutor dese a volta e estivesemos regresando a Galiza. Pero non foi duradeira a miña confusión, pois algo había de peculiar que diferenciaba aquela paisaxe da de aquí, e era a ausencia absoluta dunha planta tan abundosa na nosa terra como é o toxo. No lugar desas espiñenta planta, a que proliferaba era outra que nada lle ten que envexar en asunto de pugas, cal é a cactácea e astrinxente chumbeira. Estabamos chegando ao val do Xálima.

En San Martín de Trebello baixamos todos do autocar e os gaiteiros de Melide deixaron patente a alegría do encontro. Seguidamente os das letras repartímonos entre as tres poboacións para dar unha pequena charla en cada unha delas. Xa en Valverde, Ramón Caride, Xosé Lois García e quen isto asina, logo de ser presentados por Begoña, a alcaldesa, amosamos algo da nosa obra en verso. E máis tarde, á hora da cea, tivemos ocasión de probar as marabillas culinarias da zona que tiñan na caza os exemplos de máis lustre, viandas ás



San Martín de Trebello

que lles fomos abrindo paso cun tinto da propia Serra de Gata.

Ramón Caride e mais eu, coas nosas respectivas parellas, fomos hospedados por un agradábel matrimonio, Ramona e Ángel, que axiña fixo que nos sentísemos como en familia. Ramona Martín, ademais, revelounos deseguida o seu ánimo inquedo amosándonos un poema seu en valverdeiro dedicado á emigración. Como o que puidera ter escrito calquera galego, asunto do que ademais podía falar en primeira persoa, pois eles dous tamén tiveran que ir buscar a vida a Donostia, cidade onde aínda hoxe pasan parte do ano.

O sábado era o día no que a nosa presenza tiña que facerse máis patente. Almorzamos acompañando o café cos doces típicos do lugar, unhas saborosas froitas de tixola chamadas *riturcius* e seguidamente leváronnos ata As Ellas, a máis pequena e enfiesta das tres localidades, onde os nosos gaiteiros animaron a praza maior en-



As Ellas



As Ellas



Panorámica do Val do Xálama



Valverde



Valverde



Valverde

tre o entusiasmo da xente, que pola entrega demostrada semellaba absolutamente identificada coa nosa cultura. E precisamente no programa estaba que dous galegos Benxamín Riobó e Miguel Anxo Sartal, da man do sabio da zona e recente membro da R.A.G., Domingo Frades Gaspar, presentasen alí o seu libro *Fala e Cultura d'Os Tres Lugaris*, que non é nin máis nin menos ca un estudo sobre o que o título refire. De camiño ao salón no que tería lugar o acto, aproveitamos para preguntarlle ao noso ilustre capitán e inminente nonaxenario polo seu estado de saúde e cunha sorprendente cara de satisfacción, don Avelino confesounos que durmira de marabilla e que incluso as súas pernas funcionaban mellor que habitualmente.

O programa na preciosa localidade de Trebello, a onde fomos seguidamente, resultou do máis variada. Foi alí onde deixamos o noso cargamento de libros que logo se repartiría nas tres partes correspondentes e onde a nosa expedición resultou agasallada a un xantar móbil, é dicir, percorrendo bodegas, tabernas e demais garitos relacionados coa libación e a manduca, elementos estes que en cada un dos locais estaban á nosa disposición en mesas a modo de bufé. Unha xira gastronómica á que algúns demos remate debullando acios tintos dunha parra que nos acaeu polo final do itinerario.

Para o serán estaba programado o espectáculo na praza maior da vila,

pero debido ás datas da visita, algúns que se comprometeran a ir tiveron que facelo pola súa conta. Este foi o caso do grupo A Quenlla. Reuníronse con nós alá polas seis da tarde no Museo do Aceite, lugar que os que fomos fretados estabamos a visitar guiados por un antigo traballador e sobre todo por Domingo Frades Gaspar que, agarimoso e coidador, vendo que os recentemente chegados se deixaban seducir polo azucre zume-gante que exhibían os froitos das figueiras comúns que había a carón da instalación, aconselloulles que come-ran dos que non estaban expostos ao sol, polo perigo de que os quentes lles fermentasen no cácabó.

E se sacrificada foi a viaxe do grupo A Quenlla e dalgún membro de Na Virada, que dicir do Mago Antón? O noso maguísimo chegou no seu turismo cando xa comezara A Quenlla, subiu ao escenario cando esta rematou, actuou, comeu un bocado na barra dun bar da praza facendo trucos entre bocado e bocado e inmediatamente marchou a cumprir cos seus compromisos profesionais. Meténdolle ao corpo entre trece e catorce horas de viaxe.

O día do regreso os actos foron en Valverde. Mulleres de alí representaron con graza algúns sainetes da súa paisana Isabel López Lajas e tamén nos ofreceron un variado repertorio de canto coral.

Don Avelino, o noso portavoz, que o día antes demostrara a súa boa forma e habilidade subindo ao escenario cos gaiteiros para tocar o tamboril, non se arredou á hora de bailar unha muiñeira cando os meli-daos, logo dun xantar informal na propia praza, atacaron con esa danza guerreira nosa tocando xa as pezas de adeus.

E se ben é certo que moitos non puidemos pasar sen pelar cebolas, non o é menos que de tan satisfeitos polo trato recibido, chegamos a Galiza sen miga de cansera malia a quilométrica somanta que os nosos corpos viñan de recibir ■